



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA



Provincia de A Coruña
Jóvenes Empresarias y Empresarios

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Número 11 /2024

CONVENIO POLO QUE SE ESTABLECEN AS BASES DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIAS Y EMPRESARIOS DE A CORUÑA (AJE CORUÑA) CO COWORKING DO PAZO DE ARENAZA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FOMENTO DO TALENTO EMPRENDEDOR E DA SUSTENTABILIDADE EMPRESARIAL, ENMARCADO DENTRO DA LIÑA 2.2. DO PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL)

Na Coruña, a 5 de marzo de 2024

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte Dona Rosa Ana García López, representante da Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e

Doutra parte Dona Eva Rosende Castro, representante da Asociación de Jóvenes Empresarias y Empresarios de A Coruña (AJE).

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Que a Excelentísima Deputación Provincial da Coruña e a Asociación de Empresarias y Empresarios de A Coruña (AJE Coruña) consideran de grande interese para a provincia potenciar a cultura emprendedora e o autoemprego e apoiar novas iniciativas empresariais como base para o desenvolvemento socioeconómico, así como para a creación de emprego sostible, innovador e de calidade.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e da Asociación de Empresarias y Empresarios de A Coruña (AJE Coruña), no marco dos seus fins e competencias, ambas as dúas partes

ACORDAN

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación de Empresarias y Empresarios de A Coruña (AJE Coruña), CIF G15581259, para establecer as bases da cooperación entre esta asociación e o coworking do Pazo de Arenaza para o desenvolvemento de actividades de fomento do talento emprendedor e da sustentabilidade empresarial.

II.- ACTUACIÓNS A DESENVOLVER

Por unha banda, AJE Coruña comprométese a realizar as seguintes actuacións:

- Realizar, difundir e organizar, polo menos, dous eventos ao ano nas instalacións do coworking do Pazo de Arenaza.
- Organizar, polo menos, dúas actividades formativas ao ano nas instalacións do coworking do Pazo de Arenaza.
- Prestar asesoramento/apadriñamento ás persoas usuarias do coworking do Pazo de Arenaza.
- Facilitar ás persoas usuarias do coworking do Pazo de Arenaza acceso aos eventos organizados por AJE. Por outra banda, o coworking do Pazo de Arenaza comprométese a:
 - Permitir o acceso as súas instalacións para que AJE Coruña preste servizos de asesoramento, sempre suxeito a dispoñibilidade e sempre tendo en conta un máximo de 20 horas ao mes.
 - Permitir o acceso as súas instalacións para a organización de eventos de formación e previa conformidade do coworking do Pazo de Arenaza. Este dereito estará sempre limitado á programación das actividades do coworking.
 - Permitir a utilización das instalacións do coworking do Pazo de Arenaza para a organización de dous eventos networking ao ano e previa conformidade por parte do coworking do Pazo de Arenaza. Este dereito queda limitado á programación das actividades do coworking.
 - Establecer unha bolsa de 20 horas mensuais a disposición de persoas asociadas de AJE Coruña para a utilización das instalacións comúns do coworking do Pazo de Arenaza. Este dereito queda limitado á súa dispoñibilidade e ás actividades do Pazo previamente acordadas entre as ambas partes.

Ademais tanto as persoas asociadas de AJE Coruña como as persoas usuarias do coworking do Pazo de Arenaza beneficiaranse do acceso ás newsletters de ambas entidades.

III.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

As colaboracións e accións conxuntas derivadas deste convenio de colaboración quedarán sometidas ao establecido na normativa reguladora do coworking do Pazo de Arenaza, integrante da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo; nos estatutos de AJE Coruña, e no contido de cada actividade específica, tendo en conta a natureza das actuacións a realizar.

Aos fins de impulsar o funcionamento e garantir a eficacia e xeración de valor mutuo do presente convenio de colaboración, crearase unha Comisión de Seguimento formada por dúas persoas, designadas unha por cada entidade.

A Comisión reunirase inicialmente ao obxecto de definir a planificación das actividades para realizar no coworking do Pazo de Arenaza, así como unha previsión daquelas que non se realicen nunha data concreta.

Trimestralmente realizará un seguimento das actuacións desenvolvidas no marco do convenio para garantir a correcta execución do mesmo.

IV.- DURACIÓN

Este convenio terá unha duración dun ano, a contar desde a súa sinatura, e poderá ser obxecto de prórrogas anuais mediante acordo expreso das partes por un máximo de tres anos máis.

V.- PUBLICIDADE

Na publicidade pola que se de a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o logo oficial do Plan de Emprego Local e da Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo, dispoñible na web: <https://pel.gal/lineas/lina-2-pel-emprende/rede-provincial-coworking/>

Todo isto previo o perceptivo informe do Servizo de Patrimonio e Contratación e da Intervención Provincial

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo resolución de Presidencia o día 19 de decembro de 2023.

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

**A REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A REPRESENTANTE DA ASOCIACIÓN DE
JÓVENES EMPRESARIAS Y EMPRESARIOS
DE A CORUÑA**

Asdo.: Rosa Ana García López

Asdo.: Eva Rosende Castro

**A SECRETARIA XERAL
DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo.: Amparo Taboada Gil